

Celga



3

PROBA B (ORAL)

Caderno do persoal examinador



XUNTA
DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL
DE POLÍTICA
LINGÜÍSTICA

C3-B-I-23-LF

C3-B-I-23-TEA

PARTE 1 (Texto escrito)

A continuación, le este artigo que trata sobre como poder conciliar a vida familiar co traballo.

Toma as notas que precisas.

Na entrevista oral terás que:

- Resumir o texto.
- Falarlle sobre un tema á persoa examinadora.
- Conversar sobre o tema.



Como concilian as empresas?

A palabra **conciliación** úsase no ámbito do traballo e refírese á vontade de combinar a vida persoal co traballo.

A palabra **conciliación** fai tamén referencia ao equilibrio que ten que haber entre o tempo e o esforzo que lle dedicamos ao traballo e o que precisamos para a nosa vida persoal.

Cando as mulleres se incorporaron ao mundo laboral, a conciliación do traballo coa vida persoal non se tiña en conta nin no debate sociopolítico nin no económico.



Nas familias tradicionais compostas por un matrimonio con fillos, o home era o que traballaba e o seu salario era a base da economía da casa.

Nas familias tradicionais, a muller realizaba as tarefas da casa e o coidado dos fillos.

O home non colaboraba nas tarefas da casa e descargaba a responsabilidade na muller.

Un estudo do xornal dixital *eldiario.es* demostra con cifras que, co paso dos anos, a sociedade foi cambiando, pero eses cambios non se ven reflectidos na repartición das tarefas domésticas. O estudo do xornal dixital *eldiario.es* mostra que os homes lle dedican

dúas horas ás tarefas da casa, mentres que ás mulleres lles corresponden máis de catro.

A conciliación familiar ten moito que ver coa educación recibida.

Para conseguir a conciliación laboral e a igualdade entre homes e mulleres é fundamental que se impliquen as empresas.

A Unión Europea avisa sobre as diferenzas e os efectos negativos derivados da conciliación como son os problemas de saúde: estrés, ansiedade e mesmo falta de concentración. Tamén pode provocar falta de motivación e mesmo ausentarse do traballo.

Outras consecuencias poden ser a baixa da fecundidade, o envellecemento da poboación ou a perda de talento nas empresas.

En realidade, o feito de favorecer a conciliación laboral coa familiar axuda a mellorar as condicións no traballo e aumenta o rendemento nas empresas.

Segundo as estatísticas, a conciliación laboral é diferente segundo as empresas sexan pequenas ou multinacionais.

Sage, que é unha compañía especializada na xestión de empresas, indica que a maioría das pequenas e medianas empresas están dispostas a implantar estratexias europeas, pero unha pequena porcentaxe desconfía do seu rendemento. As empresas relacionadas co comercio e a hostalería teñen medo a perder vendas pola conciliación familiar no traballo.

As grandes compañías prefiren implantar horarios máis axeitados que fan que sexan máis produtivas. Os horarios de traballo máis

flexibles axudan a que os traballadores poidan atender mellor os seus fillos, as persoas maiores ou poidan realizar xestións persoais.



A petroleira Repsol, por exemplo, foi a primeira en implantar o traballo a distancia, tamén chamado teletraballo. Os traballadores poden elixir entre teletraballar dúas tardes á semana e mais o venres, ou ata dous días por semana.

Pola súa banda, Ferrovial decidiu recortar o tempo do xantar a unha hora como máximo para que os traballadores poidan saír antes e que a empresa sexa igual de eficiente.

A empresa Red Eléctrica creou un sistema de «bolsas de conciliación». As bolsas de conciliación equivalen a un número determinado de horas que os traballadores poden utilizar para o que precisen.



En 2014, Facebook e Apple fixéronse famosas por unha medida que causou polémica e que só quería mellorar a situación das súas empregadas.

Ademais das bebidas gratis e das comidas elaboradas por cociñeiros prestixiosos, as salas de xogo ou as bonificacións, as empresas Facebook e Apple tamén lles propuxeron ás mulleres un plan de conxelación de óvulos. Esta proposta foi moi criticada por atacar a liberdade das mulleres e empurralas a tomar decisións que poñen por diante a súa carreira profesional antes da persoal.

PARTE 2

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1-2 minutos aprox.
<p>Orientacións para o persoal avaliador: esta parte NON é un interrogatorio e as preguntas NON se avalían. Trátase de que a persoa candidata se sinta a gusto e de que se tranquilice, polo que cómpre evitar as preguntas que a poidan incomodar ou as que resulten molestas.</p>	
<ul style="list-style-type: none">■ Como te chamas?■ A que te dedicas?■ De onde es? Fala un pouco sobre a túa cidade/vila/aldea...■ Canto tempo levas estudando galego? Por que o estudas?■ Que che gusta facer no tempo libre? Que afeccións tes? <p>(Se procede)</p> <ul style="list-style-type: none">■ Que che gusta máis da cultura galega?■ Que diferenzas atopas entre a cultura galega e a túa?	

2. RESUMO	3 minutos aprox.
<p>Orientacións para o persoal avaliador: a persoa candidata ten que realizar un resumo do artigo. Nesta fase preténdese comprobar que a persoa candidata entendeu o contido do texto. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que non lembre detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha(s) das seguintes preguntas:</p>	
<p>Fai un resumo do contido do artigo.</p> <ul style="list-style-type: none">■ En que consiste a conciliación da vida familiar co traballo?■ Como cambiaron nos últimos tempos as responsabilidades familiares e no traballo dos homes e das mulleres?■ Como pode afectar a saúde das mulleres e dos homes se non concilian ben a vida familiar co traballo?■ Que fixeron algunhas empresas para favorecer a conciliación familiar e laboral?	

3. EXPOSICIÓN

4 minutos aprox.

Orientacións para o persoal avaliador: a persoa entrevistadora escollerá unha das alternativas das que se propoñen e, a partir dela, diralle á persoa candidata que faga unha **exposición de 2 minutos aproximadamente**, na cal defenda o seu punto de vista ou argumente sobre ese tema. Daránselle **2 minutos para pensar** ou organizar o seu discurso e indicárselle o seu tempo aproximado de duración. É moi importante que se realice esta parte para que a persoa candidata poida ser debidamente avaliada. Se a persoa candidata tarda en iniciar a súa exposición, poderáselle axudar con preguntas do tipo: Que opinas ti sobre isto? Estás de acordo? Pareceche necesario? Queres engadir algo máis? Se non a realiza, haberá que respectar un pouco o seu silencio para deixar en evidencia que non está cumprindo esta parte da tarefa, pero **EN NINGÚN CASO** se pasará inmediatamente ás preguntas de interacción da seguinte parte.

Realiza unha exposición sobre os seguintes enunciados:

- A. Antes a muller realizaba case todas as tarefas da casa.
- B. Segundo algúns estudos, cando traballan os dous membros da parella, o home dedícalle ás tarefas da casa a metade de tempo que a muller.
- C. A conciliación familiar depende sobre todo da educación recibida, pero tamén se deben implicar as empresas e toda a sociedade.
- D. O rendemento das empresas mellora se fomentamos medidas que favorecen a conciliación laboral coa familia.

4. INTERACCIÓN

4 minutos aprox.

Orientacións para o persoal avaliador: logo da exposición, establecerase un diálogo coa persoa candidata. A opción de preguntas que se lle dará á persoa candidata (A, B, C...) debe coincidir coa opción do enunciado do ítem anterior. Agora ben, estas preguntas **NON** consisten nun interrogatorio; son só suxestións e **DEBEN ADECUARSE**, na medida do posible, ao discurso da persoa candidata.

OPCIÓN A

Antes a muller realizaba case todas as tarefas da casa

- Pensas que a situación actual cambiou moito con respecto aos últimos 30 ou 40 anos? Por que?
- Cres que ás mulleres lles foi fácil adaptarse a traballar tamén fóra da casa? Por que?
- Paréceche que agora os homes axudan máis na casa e no coidado dos fillos? Por que?
- Por que algunhas persoas pensan que conciliar é só cousa de mulleres e non tanto de homes? Por que?
- Paréceche boa idea pagarlle un salario ás persoas que se ocupan das tarefas da casa? Por que?

(Se procede)

- Como se concilia a vida familiar e laboral no teu país de orixe?

OPCIÓN B

Segundo algúns estudos, cando traballan os dous membros da parella, o home dedícalle ás tarefas da casa a metade de tempo que a muller

- Tes algún familiar, amigos ou persoa achegada que confirma que o home lle dedica ás tarefas da casa a metade de tempo que a muller?
- En quen che parece que cae o peso da crianza dos fillos e das fillas? E o coidado das persoas maiores e/ou con discapacidade? Por que?
- Pensas que está ben o feito de igualar os períodos de baixa por maternidade e paternidade? Por que?
- Como repartirías ti as tarefas do fogar? Cales son as tarefas que prefires realizar ti? Por que?
- Que opinas sobre que os avós coiden dos seus netos? Paréceche correcto?

(Se procede)

- Como se concilia a vida familiar e laboral no teu país de orixe?

OPCIÓN C

A conciliación familiar depende sobre todo da educación recibida, pero tamén se deben implicar as empresas e toda a sociedade

- Pensas que hoxe se educa do mesmo xeito as fillas e os fillos no que se refire á repartición das tarefas do fogar?
- Cres que as familias e a escola seguen mantendo as diferenzas entre nenos e nenas a través dos xogos, dos xoguetes, das actividades extraescolares ou dos deportes?
- Estarías a favor de que no colexio se ensine unha materia de igualdade de xénero? Por que?
- Que consecuencias pode traer nas persoas e na sociedade a falta de medidas nas políticas de conciliación?
- Consideras que a baixa de nacementos ou atraso da maternidade ten que ver coa falta de medidas de conciliación? Por que?
- Se es político ou empresario, que medidas se che ocorren para facilitar a conciliación entre a vida laboral e a familia?

(Se procede)

- Como se concilia a vida familiar e laboral no teu país de orixe?

OPCIÓN D

O rendemento das empresas mellora se fomentamos medidas que favorecen a conciliación laboral coa familia

- Cal das medidas que se citan no artigo (horarios máis flexibles, xornada continua, teletraballo...) che parece máis útil para favorecer a conciliación laboral e familiar? Por que?
- Cal é a túa opinión sobre traballar a distancia dende a casa? Cres que ten máis vantaxes ou máis inconvenientes? Cales?
- Se che dan a escoller, que prefires, xornada continua ou partida en horario de mañá e tarde?
- Pensas que unha persoa produce máis se permanece máis horas na empresa? Por que?
- Consideras que existen tarefas do fogar que os homes non saben facer? E as mulleres?

(Se procede)

- Como se concilia a vida familiar e laboral no teu país de orixe?

